



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de
Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE VILAMEÁN**

D. Celso Fernández Claro
D. Fernando Martínez González

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 19/08/10, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados "Toxal Alto" solicitado a prol da **CMVMC de Vilameán**, do concello de Tomiño.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 27/03/09 D.Celso Fernández Claro, en calidade de presidente da CMVMC de Vilameán, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Toxal Alto" (parcela 528-polígono 27) ubicada en Ribeiriñas, como veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Vilameán, do concello de Tomiño, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

Achega coa solicitude contrato de cesión da parcela "Toxal Alto", entre a CMVMC de Vilameán e a empresa Granitos Tebra, S.L.

SEGUNDO.- O Xurado de Montes en sesión celebrada en data 26/11/09 acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte e a súa remisión ao Servizo de Montes para a elaboración do informe preceptivo de conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992.



TERCEIRO- En data do 25/01/10 o Xurado recibe o informe do Distrito XVIII, do que convén salientar as observacións realizadas en relación á situación e estado da parcela:

-Realizada a inspección da parcela, observase que a atravesa unha senda forestal e que presenta diferentes usos do solo:

1. Por unha parte, 1.230 m² de dita parcela atópanse incluídos nas instalacións da empresa Granitos Tebra, e o seu uso é industrial.

2. O resto da superficie incluída a senda, 1.990 m² aproximadamente- é monte arborado de frondosas con abundante mato.

- Mantidas entrevistas con outro axente forestal coñecedor dende fai anos desta zona, ademais de varios veciños da parroquia, todos coinciden que con anterioridade a cesión dos terreos a favor da empresa Granitos Tebra, a totalidade da parcela foi sempre forestal con arborado. Os veciños aseguran que a parcela sempre pertenceu a Comunidade de Montes de Vilameán.

CUARTO- O Rexistrador da Propiedade de Tui certifica con data 22/03/2010, que o monte "Toxal Alto" non figura inscrito a nome de persoa algunha neste Rexistro da Propiedade tal e como se describe.

QUINTO- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: TOMIÑO
PARROQUIA: VILAMEAN

NOME DO MONTE: "TOXAL ALTO "(PARCELA 528, POLÍGONO 27)

Cabida: 3.220 m² (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: parcela 492 propiedade de Manuel Domínguez Núñez.

Sur: Parcela 551 propiedade de Manuel Domínguez Núñez

Este: Parcela 526 propiedade de Rosa Calzado Iglesias, parcela 519 Manuel Martínez Barros y parcelas 511, 512, 513, 514, 514,516,517,523,524,525 y 527 todas elas do polígono 27.

Oeste: parcelas 666, 530,531, 543, 544 y 545 del polígono 27.

SEXTO- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro. O PXOM de Tomiño cualifica esta parcela como solo rústico común, polo que non incumpre o previsto no artigo 32/2b, da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Cuarto. A vista do informe preceptivo do Distrito ponden extraerse 2 conclusións:

1. Que a parcela na actualidade presenta diferentes usos, forestal e industrial. Se ben, esta está cedida na súa totalidade a empresa Granitos Tebra dende fai máis de 10 anos.
2. Que tanto os veciños da parroquia de Vilameán, como un antigo axente forestal, coinciden en que con anterioridade a cesión dos terreos a favor da mercantil, sempre pertenceu a comunidade de montes de Vilameán. Manifestando o actual presidente que o monte en cuestión forma parte dos montes que xa foron obxecto de clasificación polo Xurado no 79 e que naquel momento esqueceron incluír para a súa clasificación.

Polo que respecta o contrato de cesión, este data do 18/12/97 constandingo expresamente que a CMVMC de Vilameán cede temporalmente a parcela Toxal Alto, situada no termino de Ribeiriña a favor da entidade mercantil Granitos Tebra SL., para explotación de un aserraderío de granito polo prazo de 30 anos, renovables a súa caducidade. Xunto co contrato achega o comprobante do último recibo en conta que a cantería ven realizando a comunidade.



Tendo en conta así mesmo a certificación do Rexistro da Propiedade, así como o feito de que o titular catastral da parcela sexa a Comunidade de Vilameán-Tomiño e que durante a tramitación do procedemento non se formulasen alegacións por parte de ningunha persoa ou entidade, pode concluírse que o uso en man común dos monte solicitado queda suficientemente acreditado polos motivos anteriormente expostos.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor: e o Xurado acorda por unanimidade:

CLASIFICAR como veciñal en man común a parcela **Toxal Alto** solicitada, a favor dos veciños da **CMVMC de Vilameán**, do concello de Tomiño, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.







Folla do MTN 261C329

522.000 (ED-50)	
+ 521.874,60 (ETRS-89)	4.652.000 (ED-50)
	+ 4.651.784,80 (ETRS-89)



+ 4.651.550 (ED-50)
 4.651.334,79 (ETRS-89)
 522.000 (ED-50)
 521.874,60 (ETRS-89)

522.650 (ED-50)
+ 522.524,61 (ETRS-89)
4.652.000 (ED-50)
4.651.784,80 (ETRS-89)


$$\begin{array}{r}
 + \quad 4.651.530 \text{ (ED-50)} \\
 \quad 4.651.334,79 \text{ (ETRS-89)} \\
 \hline
 522.630 \text{ (ED-50)} \\
 522.524,61 \text{ (ETRS-89)}
 \end{array}$$



Agosto-2010

ESCALA : 1/5.000

Nº de plano:
1 de 1.

PARCELA TOXAL ALTO. SUPERFICIE= 0,32 ha.

COMUNIDADE: CMVMC DE VILAMEAN. CONCELLO DE TOMIÑO.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA